

# A DEDO!!!

## O Parlamento tramita a nova Lei de Función Pública (LEPG) cun único principio inspirador: A dedo!! RETRIBUCIÓN, PROMOCIÓN, CONCURSOS... A DEDO!!!

A Lei de Emprego Público, a que será a nova lei de Función Pública, xa está en trámite parlamentario. É a lei que vai rexer a nosa vida laboral dentro da Administración e vai afectar de cheo, en todo o que se refire aos dereitos e deberes; ás retribucións; ao réxime disciplinario; á promoción e carreira profesional; ás vacacións, permisos e licenzas; concursos; promoción interna e todo aquilo que atinxe ao réxime do persoal funcionario e tamén en grande parte ao persoal laboral.

Tal e como vimos sinalando tanto nas asembleas como en CIG-Infomas, boletíns, e nas novas que enviamos por correo electrónico e que podes ver no noso web, esta lei ten un único principio inspirador que é dotar á Administración dun poder omnímodo sobre todo o relativo á vida administrativa, sen a cortapisa de ter que someterse a procedementos obxectivos.

Se ata o de agora as retribucións, os concursos, a promoción..., estaban sometidas a unhas regras ou baremos que eran obxectivos ou obxectivábeis, e onde a Administración, lle gustara ou non, tiña que admitir, por exemplo, que unha persoa obtivera un determinado posto por concurso, agora vai poder revocar esa acción, ou mellor, vai poder conformala como lle veña en gaña: as retribucións complementarias non van ser fixas e van estar sometidas, en grande parte á existencia dunha avaliación, os concursos poden contemplar unha fase de entrevista e así unha morea de asuntos máis.

Como sabes, a CIG foi a organización sindical que marcou unha oposición frontal a esta lei, mentres outros dubidaban da súa lesividade. De feito

esta lei recolle moito da Lei de impedirle promocionar. Ao hipotecar



Organización e Funcionamento da Administración Xeral (LOFAXGA) e do Estatuto Básico do Empregado Público. Asuntos como a avaliación do desempeño ou a creación da figura do persoal directivo traído da empresa privada, veñen directamente destas leis. Leis ás que a CIG dixo non, tanto a nivel de negociacións, como nas votacións nas mesas de negociación ou na Comisión de Persoal, pero que contaron co apoio de CCOO, UGT e CSIF.

Outro aspecto a destacar desta lei é a súa natureza corruptóxena. Calquera decisión que un funcionario/a tome, e moi especialmente naquelas áreas onde existen tarefas de inspección, requiran informes, estean sometidas á Lei de Contratos do Sector Público, subvencións, axudas, etc, pode ser motivo para bloquear a carreira profesional ou baixarlle as retribucións, removelos do posto ou

a independencia e imparcialidade dos funcionarios/as públicos/as e facer depender da decisión do superior xerárquico se vas cobrar máis ou menos, se vas poder promocionar ou non, e aínda que sabemos que a maioría dos/as compañeiros/as non se vai pregar e vai actuar con profesionalidade, vai existir sempre a ameaza de que se non se fai como queren dende arriba o futuro periga.

A LEPG segue o seu curso como proxecto de lei, e nós intentamos conseguir o compromiso das forzas parlamentares da oposición para derrogala se hai cambio no Goberno.

Mentres, seguiremos denunciando e loitando contra a lei máis lesiva en décadas para os intereses dos empregados/as públicos/as, dos cidadáns, e da propia Administración Pública como tal.

# RETRIBUCIÓN

## CONDICIONADAS POLA AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO

Coa Lei do Emprego Público de Galiza, acábase o sistema retributivo imperante ata hoxe. Haberá carreiras por ver quen é o primeiro ou primeira en traerlle o café ao xefe ou xefa? Veremos.

Na actualidade, o groso das retribucións complementarias baséase en dous piares: complemento de destino e específico. A maioría dos funcionarios e funcionarias (que non optan a postos de libre designación), podían mellorar mediante un sistema obxectivo baseado no concurso de traslados, onde se opta aos postos desexados con criterios transparentes e en igualdade, consolidando o grao persoal co paso do tempo.

O novo sistema que impón a LEPG introduce un novo complemento, pero sen supoñer un incremento, a maiores, das retribucións, senón que este absorberá parte das contías dos actualmente existentes complemento de destino e específico. O novo complemento vai ter unha vinculación moi directa coa avaliación do desempeño, un concepto difuso que podería depender da opinión dos teus superiores.

Deste xeito, os novos tres complementos van depender na súa contía e no seu cobro, desa vara de medir tan subxectiva que é a avaliación do desempeño.




**Seminario de formación: COMO SERVIR A MESA DO XEFE CON EFICACIA**

### O GRAN NEGOCIO DAS RETRIBUCIÓN DIFERIDAS

*Detraen parte do noso salario para engordar fondos de pensións privados*

Os sindicatos que votaron a Reforma das Pensións, polo que non te vas poder xubilarse ata os 67 anos e medio cunha pensión aínda máis reducida, non o fan por “equivocación”. CCOO e UGT teñen intereses directos en moitos fondos de pensións privados que xestionan xunto coa patronal.

De aí que non teñan interese en manter un sistema público de pensións, para o cal apoian as reformas que signifiquen que imos cobrar menos, e que polo tanto teñamos que optar por fórmulas de aforro para complementar as pensións. E así ademais, eles entrarían a xestionar eses fondos.

No caso das Administracións Públicas, o fondo de pensións dos/as empregados/as públicos/as do Estado, por exemplo, é xestionado por unha sociedade, EGFP S.A. participada nun 30% por CCOO e UGT e nun 70% polo BBVA. De aí obteñen pingües beneficios co salario detraído aos empregados públicos.

Agora, a LEPG recolle este tipo de retribucións diferidas onde da masa salarial van detraer parte para financiar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da contingencia de xubilación para o seu persoal. (art. 143).

¿Ián eles a renunciar a unha reforma que incentiva os plans de pensións ante o recorte no sistema público de pensións?

### CARREIRA HORIZONTAL

Como converter o antigo complemento de destino nun complemento dependente da avaliación positiva

Ata o de agora os/as funcionarios/as íamos consolidando un complemento de destino que xeralmente ía aumentando no seu grao e na súa contía ao ir concursando e optando a postos de nivel superior, a través de concursos de traslados onde os méritos (antigüidade, grao consolidado, formación, etc) eran **obxectivábeis**. E ademais non tiña marcha atrás agás mediante medidas disciplinares. O sistema que agora se establece na LEPG vai implicar o seguinte: cada funcionario/a entra na Administración a través dun corpo ou escala nunha categoría inicial (a Categoría de Ingreso) e co grao

inferior desa categoría. Ese grao está ligado ao complemento retributivo de carreira profesional, o actual complemento de destino. Pero a diferenza deste, que vai aumentando a medida que se concursa a postos doutro nivel, e se vai consolidando en períodos de dous anos, o novo complemento vai depender non de algo obxectivo, senón da avaliación do desempeño (lembra o de valorar o grao de interese, esforzo e iniciativa). O cal vai implicar que o ascenso dentro dos nove graos das tres categorías pódese frear cunha avaliación negativa.

Categorías do corpo ou escala	Graos
Superior	3º
	2º
	1º
Media	3º
	2º
	1º
Ingreso	3º
	2º
	1º

## RECORTES E RESTRIÇÕES NOS PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS

O catálogo de permisos, licenzas e vacacións, sufriu estes últimos anos un recorte como non houbo antes. A través da sucesión de normas como o RD 20/2012 e a súa transposición ao ordenamento xurídico galego, a Lei de medidas temporais, e as instrucións sobre vacacións, permisos e licenzas, configúrase unha táboa de permisos e licenzas con recortes e restricións.

Neste eido, das alegacións presentadas pola CIG á LEPG case ningunha foi recollida. Este é o panorama que se nos presentará tras a aprobación da lei:

❖ Non aceptan recoller na lei os 9 días de asuntos persoais, nin os días adicionais a partir do sexto trienio, nin os días derivados de cando o 24 e 31 de decembro coincidan en sábado, domingo ou non laborable. Nin sumar os días adicionais polas festividade de ámbito estatal que coincidan en sábado e non sexan recuperábeis.

❖ O partido “defensor da familia” non admite recoller como permiso o de ausentarse para realizar revisións médicas, acompañar as/aos fillas/os a revisións médicas ou tratamentos, á parella ou cónxuxe e a maiores a cargo con aviso previo e xustificación.

❖ Néganse a recoller por lei o horario de verán e estendelo a todo o persoal, compensando no seu caso a quen non fose posíbel aplicarllelo.

❖ Tampouco admiten recoller que no caso de falecemento, accidente ou enfermidade grave e hospitalización se conceda o permiso a quen teña ao cargo unha persoa maior que requira especial dedicación ou persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída, aínda que haxa máis de dous graos de consanguinidade ou afinidade.

❖ Recortan o dereito recollido no EBEP en relación á concorrencia á exames, pasando de ser “os días da súa celebración” á “o tempo indispensable”.

❖ Non admiten que os permisos se poidan acumular ás vacacións.

❖ Non aceptan a ampliación dos 15 días da licenza por matrimonio aos casos de parellas de feito.

❖ Non admiten a licenza retribuída de ata un mes de duración para os casos de hospitalización prolongada ou enfermidade grave que implique repouso domiciliario para cónxuxe ou parentes que convivan co traballador.

❖ Néganse a recoller un permiso para formación cun crédito mínimo anual de 75 horas dentro do horario laboral.

❖ Non aceptan recoller que as vacacións sexan 22 días hábiles como mínimo, co que calquera mellora na lexislación estatal non vai poder ser aplicada.

### DE FRENTEEE, AAAR!!

#### Permiso Geyperman para funcionarios/as

Recortan permisos e licenzas: por exemplo, no caso da formación, o tempo para facer exames finais pasa do día ao tempo indispensable, pero apostan por outra **formación**, a **militar**, e para iso **crean un novo permiso** para os/as funcionarios/as:

*“O persoal funcionario que teña a condición de reservista voluntario ou aspire a adquirir tal condición ten dereito aos permisos necesarios para a realización dos períodos de formación militar, básica e específica, e de formación continuada previstos na lexislación da carreira militar” (Art. 120 da LEPG).*

❖ Seguen mantendo que o lugar para o cómputo de prazos nos permisos cando varía a localidade é a do lugar de residencia habitual do funcionario en vez de admitir que se fixera a elección do mesmo.

## INCAPACIDADE TEMPORAL

A LEPG consolida os recortes nas retribucións por incapacidade temporal que foron anunciados como unha medida temporal

A lesiva Lei de medidas temporais (LEI 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público de Galiza), aquela que nos recortou as retribucións durante os períodos de incapacidade temporal, fora anunciada como o seu nome indica como de medidas “**temporais**”.

O PP fartouse de declarar que eran medidas transitorias derivadas da crise e que ademais pretendían combater o absentismo. A propia exposición de

motivos da lei declara que “*O carácter desta lei é temporal, polo que a súa vixencia queda supeditada á subsistencia das dificultades*

*circunstancias económicas que afectan a sustentabilidade das contas públicas*”.

	1ª baixa	2ª baixa	3ª baixa
Do 1º ao 3º día	50%	40%	0%
Do 4º ao 20º día	75%		
A partir do 21º día	100%		
% das retribucións que se cobran por IT segundo a LEPG			

Pois ben, a nova LEPG recolle e consolida no seu articulado estas medidas de xeito **permanente**, co que quedan en evidencia as mentiras do PP e se configuran os recortes por IT como algo permanente, haxa ou non haxa esa situación económica difícil (artigo 145. Réxime da Seguridade Social e dereitos pasivos da LEPG).

# O traballo na Xunta de Persoal:

**Nestes catro anos, a CIG levou ao Pleno da Xunta de Persoal os asuntos que considerabamos prioritarios para o persoal funcionario sen esquecer a sociedade na que vivimos. Velaí unha mostra dos aprobados no pleno e que foron presentados e defendidos pola CIG neste órgano:**

- **Transparencia:** cumprimento da normativa das comisións de servizo e achega á Fiscalía e ao Valedor do Pobo da situación destas / equiparación das coberturas seguros vehículos oficiais entre condutores e acompañantes / Petición de traballador@s que teñen concedida a compatibilidade / claridade nas dietas do persoal da administración / criterios para uso dos locais da Xunta de Galicia por parte de particulares / solicitudes de teletraballo en Lugo / Colocación do persoal no posto que lle corresponde / publicación na web de todas as avaliacións de riscos / peticións entrevistas coa Delegada Territorial / denuncia do custo do Kronos / denuncias externalizacións de servizos / custos dos contratos de mantemento das fotocopiadoras / control uso coches oficiais / control da cobertura de prazas LD
- **Centros de traballo:** Inicio de visitas da Xunta de Persoal aos centros de traballo da provincia de Lugo / Petición de simulacro no edificio administrativo / creación do PublicAcción para o seu reparto nos centros / mellora cables de teléfono e rede no edificio administrativo de Lugo / apertura da cafetería edificio administrativo de Lugo / información sobre asistencia técnica nos centros de traballo da provincia de Lugo / conexión á rede internet/intranet en todos os centros de traballo / Sinalización das unidades administrativas en todos os centros de traballo / solicitude de salas de lactación / cableado supletorio nos centros / Uso de software libre na Xunta de Galicia /
- **Dereitos laborais:** recollida de sinaturas esixindo o mantemento íntegro de pagas extras / Convocatoria da assemblea que rematou cun peche de traballador@s no edificio administrativo en Febreiro de 2012, contra as agresións de Feijóo / posicionamento do Pleno contra cada amortización realizada pola Xunta de Galicia / elaboración das cartas do Nadal á Delegada Territorial / necesidade de cubrir baixas, vacantes e xubilacións / protección da saúde na maternidade das traballadoras da provincia de Lugo / rexeitamento aos recortes na función pública / denuncia de prazas agochadas / esixencia de publicación da promoción interna / derogación da lei de medidas /
- **Melloras laborais:** descentralización cursos EGAP / mellora cobertura seguro ocupantes vehículos oficiais / dotación roupa de campo / dotación de garderías ou convenios con garderías en todos os centros de traballo da provincia / seguimento das flexibilizacións de xornada / investigación de todos os accidentes laborais na provincia de Lugo /
- **Dereitos sociais:** manifesto de apoio ás folgas xerais do 29 de marzo e 14 de novembro de 2012 / petición de retirada da lei mordaza / posicionamento en contra da reforma laboral de Rajoy.

**RECUPERAR os dereitos**  
**DEFENDER o público**  
**MANTER a dignidade**

<http://autonomica.cigadmon.org>

[cig.lugo@gmail.com](mailto:cig.lugo@gmail.com) ☎ 982-294209



Síguenos tamén en Facebook: *Autonómica Lugo Cig*

